

CERTIFICADO

Expediente núm.:	Órgano colexiado:
JGL/2024/35	A Xunta de Goberno Local

María Jesús Rodríguez Freire, EN CALIDADE DE SECRETARIA DO CONCELLO DE SOUTOMAIOR,

CERTIFICO:

Que, na sesión desenvolvida o día 10 de setembro de 2024, se adoptou o seguinte acordo:

03. Expediente 880/2024. Aprobación expediente de contratación por procedemento aberto, suxeito a regulación harmonizada, do “CONTRATO POR PROCEDEMENTO ABERTO PARA A PRESTACIÓN DE SERVIZOS POR PREZOS UNITARIOS DE ALUGUEIRO MAQUINARIA, MANTEMENTO E PEQUENAS REPARACIÓNS”

Favorable **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO. Á vista do expediente de contratación tramitado:

Documento	Data	Observacións
Memoria Xustificativa	02/08/2024	
Providencia de Alcaldía	02/08/2024	
Informe de insuficiencia de medios	08/08/2024	
Informe de Secretaría	08/08/2024	
Informe de Intervención	08/08/2024	
Decreto inicio expte. 2024-689	08/08/2024	
Informe fiscalización (Fase A)	23/08/2024	

SEGUNDO. Á vista das características do contrato que se pretende adxudicar:

CONTRATO POR PROCEDEMENTO ABERTO PARA A PRESTACIÓN DE SERVIZOS POR PREZOS UNITARIOS DE ALUGUEIRO MAQUINARIA, MANTEMENTO E PEQUENAS REPARACIÓNS

Procedemento: Aberto Tramitación: Tipo de contrato: Servizo por



	Ordinaria.	prezos unitarios	
Clasificación CPV: 45500000-2 Aluguer de maquinaria e equipo de construción e de enxeñaría civil con maquinista. 45520000-8 Aluguer de maquinaria para movemento de terras con maquinista.	Accepta renovación: Non	Revisión de prezos / fórmula: Non	
Orzamento base de licitación: 487.643,73 €	Impostos: 102.405,18 €	Total: 590.048,91 €.	
Valor estimado do contrato: 487.643,73 €	Modificacións 20% : 97.528,75 €	Total: 585.172,47 €	
Data de inicio execución: Décimo día seguinte sinatura do contrato	Duración do contrato: 4 anos	Prórroga: máximo Non	Duración máxima: 4 anos
Garantía provisional: Non	Garantía definitiva: 5% importe adxudicación	Garantía complementaria: Non	

Examinada a documentación que a acompaña e de conformidade co establecido na Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos membros presentes, en virtude das competencias delegadas polo Sr. Alcalde por Resolución de data 17 de xuño de 2023, adopta o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO. Aprobar o expediente de contratación por **procedemento aberto, suxeito a regulación harmonizada**, do “CONTRATO POR PROCEDIMIENTO ABERTO PARA A PRESTACIÓN DE SERVICIOS POR PREZOS UNITARIOS DE ALUGUEIRO MAQUINARIA, MANTEMENTO E PEQUENAS REPARACIÓNS”, convocando a súa licitación.

SEGUNDO. Aprobar os Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas que rexerán o contrato.

TERCEIRO. Aprobar o gasto estimativo seguinte:

APLICACIÓN ORZAMENTARIA	DENOMINACIÓN	% SOBRE O PREZO	Saldo de crédito (€) 5 MESES
171.22799	Traballos realizados por outras empresas ou profesionais	15%	9.219,51



1722.22799	Traballos realizados por outras empresas ou profesionais	15%	9.219,51
323.22799	Traballos realizados por outras empresas ou profesionais	3%	1.843,91
454.22799	Traballos realizados por outras empresas ou profesionais	67%	41.180,50
TOTAL			61.463,43

En consecuencia do carácter plurianual e dos compromisos de gasto para exercicios futuros, deberase asumir o compromiso de incluír no Orzamento de 2024 a 2027 o importe correspondente á anualidade prevista.

CUARTO. Dar conta da presente Resolución a Intervención e a Tesouraría aos efectos de practicar as anotacións contables que procedan.

QUINTO. Publicar o anuncio de licitación no perfil de contratante co contido contemplado no anexo III da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

SEXTO. Publicar o anuncio de licitación no «Diario Oficial da Unión Europea», deixando constancia no expediente da data de envío do anuncio de licitación.

SÉTIMO. Publicar no perfil de contratante toda a documentación integrante do expediente de contratación, en particular o prego de cláusulas administrativas particulares e o de prescricións técnicas.

OITAVO. Designar aos membros da mesa de contratación e publicar a súa composición no perfil de contratante:

- Presidente: Pablo Garrido Orge, concelleiro Medio Ambiente, Urbanismo, Obras e Mobilidade
- Vogal: Laura Campos Rivas, funcionaria municipal ou quen legalmente o substitúa.
- Vogal: Cristina Vázquez Lamas, arquitecta municipal ou quen legalmente o substitúa.
- Vogal: M^a Jesús Rodríguez Freire, Secretaria-Interventora municipal ou quen legalmente o substitúa.
- Secretaria: M^a del Carmen Porto Peón, funcionaria municipal ou quen legalmente o substitúe.
-

E para que conste, para os efectos oportunos no expediente da súa razón, de orde e co V.^o B.^o do Sr. Alcalde, expídese a presente.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

